

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**15625** *Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### PREÁMBULO

##### I

A sociedade española experimentou unha fonda transformación nos últimos trinta anos no recoñecemento pleno da igualdade de dereitos e liberdades entre mulleres e homes.

A pesar disto, a equiparación de sexos nas zonas rurais evoluciona de forma máis lenta, o cal constitúe unha característica común de todos os países da nosa contorna. Proba disto é a presenza maioritaria de homes no mundo rural como consecuencia da migración das mulleres novas do campo ás cidades. As longas xornadas de traballo, as responsabilidades domésticas non compartidas na maior parte dos casos e a falta de recoñecemento económico, profesional e social do traballo das mulleres son os principais motivos deste fenómeno.

No ámbito da explotación familiar do medio rural son moitas as mulleres que comparten cos homes as tarefas agrarias, asumindo boa parte delas e fornecendo tanto bens como traballo. No entanto, na maioría dos casos figura só o home como titular da explotación agraria, o que dificulta que se valore adecuadamente a participación da muller nos dereitos e obrigas derivados da xestión da explotación en condicións de igualdade. En España, máis do 70 por cento dos titulares de explotación agraria son homes.

En España non hai limitacións legais ao acceso á propiedade agrícola por parte das mulleres —aínda que a realidade mostra que cando elas son as titulares acostuma tratarse de explotacións de dimensións económicas reducidas e baixa rendibilidade—, pero si dificultades prácticas para o acceso ao crédito ou a outros bens e dereitos inmateriais, por estaren vinculados non á propiedade da terra senón ao seu rendemento, é dicir, á titularidade da explotación. Ademais, os estereotipos tradicionais seguen vixentes no medio rural. O traballo das mulleres segue a entenderse máis ben como unha «axuda familiar» que complementa a renda principal e non como unha contribución económica efectiva.

O papel da muller no ámbito rural ten presente e futuro. O desenvolvemento do medio rural é fundamental para a vertebración de España e así o entendeu a Unión Europea mediante a Directiva 41/2010, do 7 de xullo. As mulleres rurais hoxe, a pesar dos avances en igualdade, seguen a ser vulnerables e invisibles e, no entanto, elas son a base do mantemento, conservación e desenvolvemento das áreas rurais en termos económicos, sociais e culturais.

##### II

A pesar do avance que supuxo para o réxime xurídico de organización da terra no mundo rural a regulación das explotacións agrarias conforme a Lei 19/1995, do 4 de xullo,

de modernización de explotacións agrarias, a práctica demostra que hai certos aspectos que se deben corrixir polo efecto negativo que producen na situación das mulleres que viven e participan nesas explotacións. Aínda que existen desde hai tempo figuras societarias suficientes no ordenamento xurídico civil e mercantil para que as mulleres disfruten dos mesmos dereitos que os homes e os fagan valer no mercado e no tráfico xurídico e económico, a realidade social demostra que as mulleres que traballan nas explotacións agrarias non recorreron a tales figuras societarias. O Estado pretende con esta iniciativa legal adaptar o marco xurídico á realidade social.

A titularidade compartida está destinada a constituír un factor de cambio das estruturas agrarias de modo que as mulleres do mundo rural gocen dunha igualdade de dereitos efectiva respecto dos homes. Isto permitirá a supresión de barreiras formais e substantivas, ben como a potenciación de certos valores nas mulleres do mundo rural, tales como a confianza, a igualdade e a non-discriminación, a visibilidade e, por tanto, o desenvolvemento sustentable.

O lexislador español pretende, así, instaurar un marco legal para as persoas do medio rural que sexa garante da igualdade de dereitos entre mulleres e homes no mundo rural, da protección social e de seguridade social correspondente, da educación e formación, e do recoñecemento pleno do seu traballo en todos os niveis.

### III

Dúas normas con rango de lei constitúen o primeiro recoñecemento xurídico do que xa é coñecido como a titularidade compartida de explotacións agrarias: por un lado, o artigo 30 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que insta a desenvolver esa figura xurídica para que se recoñezan plenamente os dereitos das mulleres no sector agrario, a correspondente protección da Seguridade Social e o recoñecemento do seu traballo; por outro, a disposición adicional cuarta da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, que recolleu un mandado dirixido ao Goberno para promover e desenvolver o réxime de titularidade compartida de bens, dereitos e obrigas no sector agrario e a correspondente protección da Seguridade Social.

Como primeiro desenvolvemento das citadas normas, o Real decreto 297/2009, do 6 de marzo, sobre titularidade compartida nas explotacións agrarias, creou, para efectos administrativos e como medida de fomento, a titularidade compartida como unha nova figura preferencial adicional ás reguladas na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

Ademais, en Europa tamén se traballou neste senso, como o demostra a Directiva 2010/41/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo, sobre aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres que exercen unha actividade autónoma.

### IV

Partindo destes antecedentes, a presente lei regula a titularidade compartida das explotacións agrarias. A lei ofrece unha nova figura xurídica de carácter voluntario, que persegue promover esta modalidade de explotación agraria como un vehículo para alcanzar a verdadeira equiparación das mulleres e os homes na explotación agraria, dando cumprimento efectivo ao principio de igualdade e non-discriminación proclamado na Constitución. O seu obxectivo é ir alén dunha regulación de efectos administrativos, pois que se trata de promover unha acción positiva que logre dar visibilidade ás mulleres e que estas poidan exercer e disfrutar de todos os dereitos derivados do seu traballo nas explotacións agrícolas en termos de igualdade con respecto aos homes e favorecer a asunción de decisións xerenciais e dos riscos e responsabilidades derivados delas. A figura que se crea queda perfilada no artigo 2 como unidade económica, sen personalidade xurídica e susceptible de imposición para efectos fiscais, constituída por un matrimonio ou parella de feito para a xestión conxunta da explotación agraria, diferenciando entre a

titularidade da explotación e a titularidade dominical dos bens e os seus dereitos, cuxo réxime xurídico civil non se ve afectado en ningún caso. Esta lei outorga a estas explotacións agrarias de titularidade compartida a condición de prioritarias, conforme a Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias, de forma que gozarán da vantaxe de teren unha orde preferente na obtención de beneficios, axudas e demais medidas de fomento impulsadas polas administracións públicas, sempre que un deles sexa agricultor profesional e a renda unitaria de traballo que se obteña da explotación non supere nun 50 por 100 o máximo do establecido na lexislación correspondente para as explotacións prioritarias.

A lei regula, ademais, outro mecanismo para o recoñecemento dos dereitos económicos das mulleres que realicen tarefas na explotación. Así, quen, tendo participado de maneira efectiva e regular, non reciba pagamento ou contraprestación ningunha polo traballo realizado e non constituíse co seu cónxuxe ou parella de feito unha titularidade compartida, terá dereito a unha compensación económica nos supostos tanto de transmisión da explotación como de extinción do matrimonio ou parella de feito.

Ademais do exposto, existe a posibilidade, segundo se recolle na disposición adicional primeira, do acceso á administración conxunta da explotación agraria, pero sen crear a figura xurídica da titularidade compartida, mediante a constitución dunha sociedade de responsabilidade limitada das previstas no artigo 5.2 do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego, cuxos estatutos se axustarán aos estatutos tipo que aprobe o ministro de Xustiza. Cabe sinalar que o réxime de titularidade compartida que se establece na presente lei non é de aplicación ás sociedades de responsabilidade limitada a que fai referencia esta disposición adicional primeira.

En consecuencia, a finalidade da lei é promover e favorecer a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no medio rural a través do recoñecemento xurídico e económico derivado da súa participación na actividade agraria.

## V

Por último, hai que destacar que a lei introduce unha regulación que, informada polo principio de igualdade básica entre todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, segundo o teor do artigo 149.1.1.<sup>a</sup> da Constitución, ten, ademais, un fundamento constitucional particular e preciso para os preceptos que a integran. Deste modo, a disposición derradeira cuarta precisa que a competencia do Estado para ditar a norma se encontra, xunto co título que deriva do principio de igualdade evocado, nos títulos que o habilitan para producir lexislación básica en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, en materia de lexislación civil, sen prexuízo das necesarias especialidades que nesta orde derivan do dereito civil foral ou especial, en materia de lexislación mercantil, e nas materias de facenda xeral e débeda pública e de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

## VI

A lei estrutúrase en catro capítulos, seis disposicións adicionais, unha disposición transitoria e cinco disposicións derradeiras.

O capítulo I establece as disposicións xerais: obxecto e finalidade, natureza da explotación agraria de titularidade compartida, definicións e requisitos das persoas titulares da explotación agraria de titularidade compartida.

O capítulo II establece o réxime xurídico da titularidade compartida en canto se refire á administración, representación e responsabilidade da explotación agraria de titularidade compartida, á repartición de rendementos, á inscrición no rexistro da correspondente comunidade autónoma, con valor constitutivo, e no rexistro estatal existente no Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. Finalmente, regula este capítulo o réxime de extinción da titularidade compartida.

O capítulo III establece o réxime fiscal e as medidas en materia de seguridade social aplicables a este tipo de explotacións agrarias. De igual modo regula as medidas relativas ao réxime das axudas agrarias e das axudas públicas e subvencións destinadas á incentivación da constitución das titularidades compartidas das explotacións agrarias.

O capítulo IV ocúpase da protección económica do cónxuxe ou parella de feito fronte ao titular por razón da súa colaboración na explotación agraria, recoñecendo pola súa actividade efectiva e regular na explotación, cando non reciba pagamento ou contraprestación ningunha polo traballo realizado nin se acollese ao réxime de titularidade compartida prevista nesta lei, o dereito a reclamar unha compensación económica.

A disposición adicional primeira establece a futura aprobación dun modelo simplificado de estatutos polo Ministerio de Xustiza ao cal se poderán acoller aquelas persoas físicas que, podendo constituírse en titularidade compartida de explotación agraria de acordo coa presente lei, non a constitúan e decidan formalizar unha sociedade de responsabilidade limitada.

A disposición adicional segunda establece a modificación dos rexistros públicos ministeriais a fin de que as súas bases de datos identifiquen ambas as persoas titulares da explotación agraria de titularidade compartida.

A disposición transitoria única establece a obriga de revisar, para as adaptar á presente lei, as inscricións existentes no Rexistro de Titularidade Compartida no prazo de seis meses a partir da aprobación da nova norma regulamentaria reguladora do dito rexistro, permanecendo até entón vixentes o Real decreto 297/2009, do 6 de marzo, sobre titularidade compartida nas explotacións agrarias, e a Orde ARM/2763/2009, do 5 de outubro, pola que se regula o dito rexistro.

A disposición derradeira primeira autoriza o Goberno e os ministros de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de Economía e Facenda, de Xustiza, de Sanidade, Política Social e Igualdade e de Traballo e Inmigración para adoptaren no seu ámbito as disposicións de carácter xeral necesarias para a execución e desenvolvemento do previsto na lei.

A disposición derradeira segunda introduce determinadas modificacións na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, co obxecto de acomodar á nova figura da titularidade compartida.

A disposición derradeira terceira modifica a Lei 18/2007, do 4 de xullo, pola que se procede á integración dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

Por último a disposición derradeira cuarta refírese á determinación dos títulos competenciais para a promulgación da presente lei.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

1. O obxecto desta lei é regular a titularidade compartida das explotacións agrarias co fin de promover e favorecer a igualdade real e efectiva das mulleres no medio rural a través do recoñecemento xurídico e económico da súa participación na actividade agraria.

2. Caso de non se constituír a titularidade compartida, o seu obxecto é a regulación dos dereitos económicos xerados a favor do cónxuxe ou persoa vinculada por análoga relación de afectividade, fronte ao titular da explotación agraria, como contraprestación pola súa actividade agraria, efectiva e regular na explotación, na maneira e cos efectos previstos no capítulo IV desta lei.

**Artigo 2. *Natureza.***

1. A explotación agraria de titularidade compartida é a unidade económica, sen personalidade xurídica e susceptible de imposición para efectos fiscais, constituída por un matrimonio ou parella unida por análoga relación de afectividade, para a xestión conxunta da explotación agraria.

2. A constitución da titularidade compartida dunha explotación agraria non alterará o réxime xurídico dos bens e dereitos que a conformen nin o réxime xurídico matrimonial ou pactos patrimoniais das parellas de feito nin o réxime sucesorio, sen prexuízo do establecido no capítulo IV desta lei.

**Artigo 3. *Requisitos das persoas titulares.***

As persoas titulares da explotación agraria en réxime de titularidade compartida deberán:

- Estar dadas de alta na Seguridade Social.
- Exercer a actividade agraria e traballar nela de modo directo e persoal tal e como está definido na Lei 19/1995, do 4 de xullo.
- Residir no ámbito territorial rural en que estea a explotación.

**CAPÍTULO II****Réxime da titularidade compartida****Artigo 4. *Administración, representación e responsabilidade da explotación agraria de titularidade compartida.***

1. A administración corresponderá a ambas as persoas titulares conxuntamente.
2. A representación da explotación de titularidade compartida será solidaria, con excepción dos actos que supoñan disposición, alleamento ou gravame da explotación, nos cales a representación será mancomunada.
3. A responsabilidade será directa, persoal, solidaria e ilimitada das dúas persoas titulares.

**Artigo 5. *Repartición de rendementos.***

1. Os rendementos xerados pola explotación repartiranse ao 50 por cento entre ambas as persoas titulares da explotación agraria de titularidade compartida.
2. Unha vez repartidos, estes rendementos rexeranse polo disposto no réxime económico matrimonial de ambos os cónxuxes ou os pactos patrimoniais que, se for o caso, subscribisen as parellas de feito.

**Artigo 6. *Rexistro de Titularidade Compartida.***

1. Para que a titularidade compartida das explotacións agrarias produza todos os seus efectos xurídicos será precisa a súa inscrición previa no rexistro constituído para o efecto pola correspondente comunidade autónoma.
2. A inscrición no rexistro a que se refire o número anterior terá carácter constitutivo e realizarase mediante a presentación dunha declaración conxunta en que fagan constar o seguinte:
  - a) Datos de identificación persoal.
  - b) Datos de identificación da explotación.
  - c) Datos dos bens e dereitos que conforman a explotación agraria de titularidade compartida. En particular, no caso de bens inmoables e de dereitos reais sobre estes, deberase especificar a referencia catastral e calquera outro dato que puiden resultar da normativa vixente.

- d) Número de identificación fiscal asignado pola Administración tributaria competente conforme o artigo 9 desta lei.
- e) Datos identificativos da conta bancaria asociada á titularidade compartida.
- f) Datos identificativos do representante, se for o caso, da titularidade compartida.
- g) Certificado de matrimonio ou certificado de inscrición de parella de feito, ou aseveración de vinculación de análoga relación de afectividade incluída na declaración conxunta.

A declaración conxunta poderá, así mesmo, presentarse a través do sistema de sinatura electrónica, de acordo co establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

3. No prazo de tres meses o rexistro correspondente efectuará as comprobacións que foren pertinentes e, efectuada a inscrición dentro do dito prazo, os seus efectos retrotraeranse ao momento da presentación realizada polas partes a que se refire o número 2. Transcorrido ese prazo sen contestación denegatoria por parte do rexistro, entenderase efectuada a inscrición por silencio administrativo.

4. O rexistro correspondente de xestión autonómica expedirá un certificado en que consten, como mínimo, os datos a que se refire o número 2.

#### Artigo 7. *Coordinación rexistral.*

1. No Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño existirá un rexistro en que se reflectirán as declaracións de titularidade compartida e as súas variacións, recibidas do órgano competente das distintas comunidades autónomas.

2. O dito rexistro deberá conter, ao menos, a identificación das persoas titulares da explotación agraria de titularidade compartida e, se for o caso, do representante designado por estas, así como a identificación da explotación e o seu número de identificación fiscal.

3. As comunidades autónomas comunicarán trimestralmente ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño os datos facilitados polas persoas titulares da explotación agraria de titularidade compartida, así como as súas variacións, para os efectos da súa constancia no rexistro.

4. O contido do citado rexistro determinarase regulamentariamente.

#### Artigo 8. *Extinción.*

1. A titularidade compartida das explotacións agrarias extinguirase:

- a) Por nulidade, separación ou disolución do matrimonio.
- b) Por ruptura da parella de feito ou pola morte ou a declaración de falecemento dun dos seus membros.
- c) Por perda da titularidade da explotación agraria por calquera causa legalmente establecida.
- d) Por transmisión da titularidade da explotación a terceiros.
- e) Cando algunha das dúas persoas titulares deixen de cumprir os requisitos previstos no artigo 3 desta lei.
- f) Por acordo entre as persoas titulares da explotación agraria de titularidade compartida manifestado mediante comparecencia persoal ou sinatura electrónica ante o Rexistro de Titularidade Compartida regulado no artigo 6 desta lei.

2. A concorrencia dalgunha das causas establecidas nas alíneas da a) á e), ambas incluídas, do número anterior será comunicada pola persoa interesada e, na súa falta, pola outra persoa titular ou polos seus herdeiros, ao Rexistro de Titularidade Compartida regulado no artigo 6 desta lei.



## CAPÍTULO III

### **Medidas en materia fiscal, de seguridade social e de subvencións e axudas públicas**

#### *Artigo 9. Réxime fiscal da titularidade compartida.*

1. A titularidade compartida de explotacións agrarias terá a consideración para efectos tributarios de entidade do artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Toda titularidade compartida de explotación agraria na súa consideración de entidade do artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, terá un número de identificación fiscal para as súas relacións de natureza ou con transcendencia tributaria.

Este número de identificación fiscal será facilitado pola Administración xeral do Estado, de oficio ou por instancia da persoa interesada.

O procedemento de asignación e revogación, a composición do número de identificación fiscal e a forma en que se deberá utilizar nas relacións de natureza ou con transcendencia tributaria será o regulado na Lei xeral tributaria e no Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

3. O disposto nos números anteriores entenderase sen prexuízo dos réximes forais dos territorios históricos do País Vasco e da Comunidade Foral de Navarra, conforme o establecido no artigo 1.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

#### *Artigo 10. Medidas en materia de seguridade social.*

1. O exercicio dunha actividade agraria por parte das persoas titulares dunha explotación agraria de titularidade compartida determina a inclusión no sistema da Seguridade Social.

2. O cónxuxe da persoa titular dunha explotación agraria a que se refire a disposición adicional primeira da Lei 18/2007, do 4 de xullo, pola que se procede á integración dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, que se constituía en titular da explotación agraria de titularidade compartida, terá dereito aos beneficios na cotización á Seguridade Social a que se refire a citada disposición, sempre que se cumpran as condicións nela establecidas.

3. O previsto no número anterior será aplicable ao membro da parella de feito que se constituía en titular da explotación agraria en réxime de titularidade compartida, unha vez que se regule, no ámbito de aplicación do sistema da Seguridade Social e dos réximes que o forman, o alcance do encadramento das parellas de feito dos titulares de explotacións agrarias, de conformidade co previsto na disposición adicional segunda da citada Lei 18/2007, do 4 de xullo.

#### *Artigo 11. Réxime das axudas agrarias.*

1. As subvencións, as axudas directas e as axudas de desenvolvemento rural, procedan de fontes de financiamento europeas, estatais ou autonómicas, asociadas á explotación agraria de titularidade compartida corresponderán por metades iguais a favor de cada un dos cónxuxes ou membros da parella de feito titulares das explotacións agrarias de titularidade compartida, e a solicitude das citadas axudas realizarase a nome da entidade de titularidade compartida que constitúe a explotación agraria de titularidade compartida, e o pagamento correspondente efectuarase na conta bancaria asociada á titularidade compartida.

2. Cada unha das persoas titulares da explotación agraria de titularidade compartida terá a consideración de beneficiaria directa das axudas correspondentes ao réxime de

pagamento único da política agrícola común, e quedará exenta de retención de dereitos a cesión destes que unha das persoas titulares deba realizar a favor da unidade económica.

Artigo 12. *Medidas de fomento e axudas públicas.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, cos requisitos e condicións que se establezan regulamentariamente, e oídas as organizacións profesionais agrarias e as organizacións non gobernamentais de mulleres rurais, arbitrará as medidas necesarias para fomentar a constitución de explotacións agrarias de titularidade compartida.

2. A explotación agraria de titularidade compartida terá a consideración de explotación agraria prioritaria para os efectos previstos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, sempre que a renda unitaria de traballo que se obteña da explotación non supere nun 50 por 100 o máximo do establecido na lexislación correspondente para as explotacións prioritarias. Ademais, adicionalmente aos requisitos previstos no artigo 3 da presente lei, un dos dous titulares debe ter a consideración de agricultor profesional, conforme o establecido no número 5 do artigo 2 de Lei 19/1995, do 4 de xullo.

3. As bases reguladoras de subvencións financiadas pola Administración xeral do Estado incorporarán para beneficiar as explotacións agrarias de titularidade compartida un trato preferente. Este trato preferente consistirá, a igualdade de requisitos para as explotacións e para cada nivel de apoio, no incremento da ponderación ou puntuación nos criterios obxectivos de outorgamento de subvencións e axudas públicas establecidas nas referidas bases reguladoras, adicionalmente a outras situacións de preferencia e prioridade establecidas no resto do ordenamento xurídico.

4. As persoas titulares de explotacións agrarias de titularidade compartida terán un dereito preferente nas actividades de formación e asesoramento en materia de agricultura.

5. Todas as disposicións, plans e programas elaborados pola Administración xeral do Estado en materia de agricultura, medio rural e ambiente deberán ter en consideración as medidas incentivadoras e de fomento da titularidade compartida das explotacións agrarias previstas nesta lei, realizando as xustificacións precisas para tales efectos na correspondente memoria.

#### CAPÍTULO IV

#### **Compensación económica por razón de colaboración efectiva na explotación agraria**

Artigo 13. *Recoñecemento do dereito á compensación económica.*

1. As persoas casadas ou unidas por análoga relación de afectividade que participen de maneira efectiva e regular na actividade agraria da explotación, que non reciban pagamento ou contraprestación ningunha polo traballo realizado nin se acollesen ao réxime de titularidade compartida previsto nesta lei, terán dereito a unha compensación económica nos termos e cos efectos xurídicos que se sinalan no número e artigos seguintes. A acreditación do traballo efectivo poderase facer con calquera medio de proba admitido en dereito. Non obstante, presumirase ese traballo efectivo no caso de matrimonios cuxo réxime económico sexa o de gananciais.

2. Nos casos de transmisión da explotación agraria, de nulidade ou disolución do matrimonio por calquera das causas previstas no artigo 85 do Código civil, ou da análoga relación de afectividade por separación, nulidade, ou morte, ou nos supostos de liquidación do réxime económico do matrimonio ou das relacións patrimoniais establecidas pola parella de feito, as persoas a que se refire o número 1 terán dereito a exixir unha compensación económica ao outro titular da explotación agraria ou aos seus herdeiros.



Artigo 14. *Contía e pagamento da compensación.*

1. Para o cálculo da compensación terase en conta o valor real da explotación agraria, o tempo efectivo e real de colaboración na actividade agraria e a valoración da actividade no mercado, asuntos que se probarán cos medios de proba admitidos en dereito.

2. A compensación será compatible con outros dereitos de carácter patrimonial a que teña dereito o cónxuxe ou membro da parella de feito.

3. A compensación satisfacerase preferentemente nun só pagamento, sen prexuízo do que as partes poidan pactar sobre a contía, forma, prazos e garantía para o pagamento da compensación.

Artigo 15. *Prazo de reclamación.*

A acción para reclamar o pagamento da compensación prescribirá aos cinco anos contados desde o cumprimento dos supostos previstos no artigo 13.2 desta lei.

Disposición adicional primeira. *Constitución de sociedades de responsabilidade limitada.*

Os que, cumprindo os requisitos previstos no artigo 3 desta lei, decidan non crear unha explotación agraria de titularidade compartida, poderán constituír entre si unha sociedade de responsabilidade limitada das previstas no artigo 5 punto dous do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego. Estas sociedades axustaranse aos estatutos tipo que aprobe o Ministerio de Xustiza, coas bonificacións e exencións fiscais que legalmente se determinen.

Disposición adicional segunda. *Modificación dos rexistros públicos.*

Os departamentos ministeriais responsables adoptarán as medidas necesarias para que nos rexistros públicos que proceda se identifique as persoas titulares das explotacións agrarias de titularidade compartida.

Disposición adicional terceira.

No prazo de tres meses despois da aprobación desta lei, o Goberno establecerá un programa plurianual que prevexa unha campaña de sensibilización e difusión do acceso á titularidade compartida e dos incentivos para acollerse a esta modalidade.

Disposición adicional cuarta.

Transcorridos os primeiros tres anos de aplicación desta lei, o Goberno realizará unha avaliación dos resultados da súa aplicación, ben como o seu impacto naquelas comunidades autónomas cun dereito civil propio, propondo as modificacións que, se for o caso, considere procedentes, e remitiraa ao Congreso dos Deputados.

Disposición adicional quinta. *Modificación da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.*

Engádese un título VI á Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, coa seguinte redacción:

## «TÍTULO VI

**Regularización de buques pesqueiros no Censo da Frota Pesqueira Operativa e no Rexistro de Buques e Empresas Navais**Artigo 109. *Regularización de buques.*

Establécese un procedemento de regularización das inscricións no Rexistro de Buques e Empresas Navais, dependente do Ministerio de Fomento, así como no Censo da Frota Pesqueira Operativa, dependente do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, daquelas embarcacións de pesca en que o material do casco, a potencia propulsora ou os valores de eslora, manga, puntal ou arqueo non coincidan cos seus correspondentes datos rexistrados, que cumpran as condicións establecidas nesta lei.

Artigo 110. *Condicións de regularización.*

1. Poderanse acoller a este procedemento os armadores ou propietarios que presentaron en prazo a solicitude de regularización no marco da Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre regularización e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navais e no Censo da Frota Pesqueira Operativa, e non foron admitidas a trámite, ou foron rexeitadas en virtude do establecido no artigo 3 da citada lei. Este procedemento será de aplicación aos expedientes instruídos e pendentes de entrega de baixas ou resoltos cuxa eficacia quedou demorada até o momento da entrega de baixas.

2. Poderanse acoller tamén aqueles propietarios ou armadores de embarcacións que presentaron a súa solicitude antes do 31 de decembro de 2007 na regularización citada no parágrafo primeiro.

3. En ningún caso a regularización ou actualización do censo ou rexistro prexudicará os dereitos adquiridos por terceiro a título oneroso e de boa fe durante a vixencia do asento que se rectifique.

Artigo 111. *Requisitos para a entrega de baixas.*

1. No suposto de que as variacións producidas respecto aos datos inscritos supoñan un incremento do arqueo ou a potencia propulsora da embarcación, os seus propietarios ou armadores deberán entregar como baixa as unidades pesqueiras operativas necesarias para compensar eses incrementos, de acordo cos criterios aplicables á construción e modernización de buques pesqueiros establecidos no Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, con excepción do previsto no artigo 3.c) dese real decreto. Admitirase unha tolerancia en arqueo de 1,00 GT para embarcacións menores de 10 metros de eslora total e de 0,8 GT para as restantes, e até 20 cabalos de vapor en ambos os casos.

2. As baixas necesarias entregaranse no prazo que estableza a autoridade competente para a resolución do expediente, e poden proceder de calquera censo por modalidades de pesca ou caladoiro sen limitación de porto base e admitíndose a entrega dunha ou varias baixas, que, necesariamente, serán desmanteladas, para a regularización de varias embarcacións.

3. Durante o período de entrega de baixas ningún dos datos rexistrados poderá sufrir variacións, exceptuando os cambios de titularidade por motivos de falecemento ou incapacidade permanente do propietario.

O incumprimento do establecido no parágrafo anterior suporá a resolución de rexeitamento da regularización solicitada.

4. Os buques regularizados coa entrega das baixas correspondentes deberán exercer a actividade pesqueira de forma continuada e permanecer de alta no Censo da Frota Pesqueira Operativa e no Rexistro de Buques e Empresas Navais,

durante, ao menos, dous anos desde a anotación das novas dimensións na folla de asento, para poderen ser entregados como baixa nos procedementos de construción ou modernización de buques pesqueiros ou para poderen recibir axudas á paralización definitiva das actividades pesqueiras e sempre que reúnan os requisitos establecidos para isto.

5. Na falta de entrega da baixa correspondente que resulte dos procedementos instruídos no marco da Lei 9/2007, do 22 de xuño, e desta lei, procederase á anotación das características reais no Rexistro de Buques e Empresas Navais e no Censo da Frota Pesqueira Operativa. A partir desa anotación ningún dos datos rexistrais poderá sufrir variación até a súa baixa definitiva, exceptuando os cambios de titularidade por motivo de falecemento ou incapacidade permanente do propietario, transmisión *inter vivos* entre familiares de primeiro grao que non sexan titulares doutra embarcación ou modificacións técnicas xustificativas que sexan certificadas pola autoridade competente do porto base. Estas embarcacións non poderán recibir ningún tipo de axuda pública nin ser entregadas como baixa en ningún caso durante a súa vida útil, ao final da cal deberán ser desmanteladas sen ningunha subvención, o que figurará anotado nos anteriores rexistros.

6. Non obstante, se, unha vez realizada a anotación das características reais a que fai referencia o número anterior, o armador entrega as baixas correspondentes ás diferenzas existentes entre os datos reais anotados e os datos rexistrais anteriores, conforme o establecido no artigo 53.3 do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, os efectos restritivos establecidos no número anterior quedarán anulados.

#### Artigo 112. *Procedemento.*

Os ministerios de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e de Fomento, consultadas as comunidades autónomas afectadas, establecerán o procedemento administrativo para a tramitación e resolución da regularización.

#### Artigo 113. *Efectos da regularización.*

Aqueles armadores ou propietarios de buques incluídos no ámbito de aplicación do artigo 110 que non soliciten a súa regularización, serán dados de baixa provisional no Censo da Frota Pesqueira Operativa, e non poderán realizar actividade pesqueira ningunha.»

#### Disposición adicional sexta.

Os poderes públicos fomentarán a titularidade compartida canto á súa presenza nos órganos reitores das entidades asociativas agrarias.

#### Disposición transitoria única.

No prazo de seis meses contados desde a publicación da nova disposición regulamentaria que regule o Rexistro de Titularidade Compartida, deberán revisarse as inscricións existentes para adaptalas aos requisitos e condicións establecidos na presente lei. Até entón seguirán vixentes o Real decreto 297/2009, do 6 de marzo, sobre titularidade compartida nas explotacións agrarias, e a Orde ARM/2763/2009, do 5 de outubro, pola que se regula o Rexistro de Titularidade Compartida de explotacións agrarias.

#### Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da lei.*

O Goberno e os ministros de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de Xustiza, de Economía e Facenda, de Traballo e Inmigración e de Sanidade, Política Social e Igualdade, adoptarán, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións de carácter xeral necesarias para a aplicación, execución e desenvolvemento do previsto na presente lei.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.*

1. O segundo parágrafo do número 1 do artigo 2 queda redactado como segue:

«Así mesmo, para os efectos desta lei e das disposicións correspondentes ao encadramento no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, considerarase como actividade agraria a venda directa por parte de agricultoras ou agricultores da produción propia sen transformación ou a primeira transformación desta, cuxo produto final estea incluído no anexo I do artigo 38 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, dentro dos elementos que integren a explotación, en mercados municipais ou en lugares que non sexan establecementos comerciais permanentes, considerándose tamén actividade agraria toda aquela que implique a xestión ou a dirección e xerencia da explotación.»

2. O número 4 do artigo 2 queda redactado como segue:

«4. Titular da explotación: a persoa física, sexa en réxime de titularidade única sexa en réxime de titularidade compartida inscrita no rexistro correspondente, ou a persoa xurídica que exerce a actividade agraria organizando os bens e dereitos integrantes da explotación con criterios empresariais e asumindo os riscos e responsabilidades civil, social e fiscal que poidan derivar da explotación.»

3. O número 5 do artigo 2 queda redactado como segue:

«Agricultor profesional, a persoa física que, sendo titular dunha explotación agraria, obteña ao menos o 50 % da súa renda total de actividades agrarias ou doutras actividades complementarias, sempre que a parte de renda procedente directamente da actividade agraria da súa explotación non sexa inferior ao 25 % da súa renda total e o volume de emprego dedicado a actividades agrarias ou complementarias sexa igual ou superior á metade dunha unidade de traballo agrario.

Para estes efectos consideraranse actividades complementarias a participación e a presenza da persoa titular, como consecuencia de elección pública, en institucións de carácter representativo, así como en órganos de representación de carácter sindical, cooperativo ou profesional, sempre que estes se encontren vinculados ao sector agrario. Tamén se considerarán actividades complementarias as de transformación dos produtos da explotación agraria e a venda directa dos produtos transformados da súa explotación, sempre que non sexa a primeira transformación especificada no número 1 do artigo 2, ben como as relacionadas coa conservación do espazo natural e a protección do ambiente, o turismo rural ou agroturismo, así como as cinxéticas e artesanais realizadas na súa explotación.»

4. A alínea d) do número 1 do artigo 4 queda redactada como segue:

«Estar dado de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou, se for o caso, no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios incluído no dito réxime. As agricultoras e os agricultores profesionais que non estean encadrados no réxime anterior deberán cumprir os requisitos indicativos da súa profesionalidade agraria establecidos para estes efectos polas comunidades autónomas.»

5. O número 2 do artigo 4 queda redactado como segue:

«2. As explotacións agrarias de titularidade compartida terán a consideración de explotacións prioritarias nos termos establecidos na lei sobre titularidade compartida das explotacións agrarias.»

6. A alínea b) do artigo 6 queda redactada como segue.

«b) Sociedades civís, laborais ou outras mercantís cuxas accións, en caso de que aquelas sexan anónimas, deberán ser nominativas, sempre que máis do 50 por 100 do capital social, se este existir, pertenza a socios que sexan agricultores profesionais. Estas sociedades terán por obxecto principal o exercicio da actividade agraria na explotación de que sexan titulares.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 18/2007, do 4 de xullo, pola que se procede á integración dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.*

1. Dáse nova redacción ao número 2 do artigo 2 da Lei 18/2007, do 4 de xullo, pola que se procede á integración dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguridade Social no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, que queda redactado como segue:

«2. Para os efectos previstos no punto 1 anterior, enténdese por explotación agraria o conxunto de bens e dereitos organizados polo seu titular no exercicio da actividade agraria, e que constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica, podendo a persoa titular, ou as persoas titulares, da explotación selo pola súa condición de propiedade, arrendataria, parceira, cesionaria ou outro concepto análogo, das leiras ou elementos materiais da respectiva explotación agraria.

A este respecto enténdese por actividade agraria o conxunto de traballos que se require para a obtención de produtos agrícolas, gandeiros e forestais.

Para efectos desta lei considerarase como actividade agraria a venda directa por parte da agricultora ou agricultor da produción propia sen transformación ou a primeira transformación desta cuxo produto final estea incluído no anexo I do artigo 38 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, dentro dos elementos que integren a explotación, en mercados municipais ou en lugares que non sexan establecementos comerciais permanentes, considerándose tamén actividade agraria toda aquela que implique a xestión ou a dirección e xerencia da explotación.

Así mesmo, consideraranse actividades complementarias a participación e presenza da persoa titular, como consecuencia de elección pública, en institucións de carácter representativo, así como en órganos de representación de carácter sindical, cooperativo ou profesional, sempre que estes se encontren vinculados ao sector agrario; tamén terán a consideración de actividades complementarias as actividades de transformación dos produtos da súa explotación e a venda directa dos produtos transformados, sempre que non sexa a primeira especificada no punto anterior, así como as relacionadas coa conservación do espazo natural e protección do ambiente, o turismo rural ou agroturismo, ao igual que as cinemáticas e artesanais realizadas na súa explotación.»

2. Dáse nova redacción ao primeiro e segundo parágrafo do número 1 da disposición adicional primeira da Lei 18/2007, do 4 de xullo, que queda redactado do seguinte modo:

«No suposto de persoas incorporadas á actividade agraria a partir do 1 de xaneiro de 2008 que queden incluídas no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos a través do sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, que teñan cincuenta ou menos anos de idade no momento da incorporación e sexan cónxuxes ou descendentes do titular da explotación agraria, sempre que este se encontre dado de alta nos citados réximes e sistemas

especiais, aplicárase sobre a cotización por contingencias comúns de cobertura obrigatoria unha redución equivalente ao 30 por 100 da cota que resulte de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo do 18,75 por 100.

A redución de cotas establecida no parágrafo anterior terá unha duración de cinco anos computados desde a data de efectos da obriga de cotizar e será incompatible coa redución e bonificación para os novos traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos na disposición adicional trixésimo quinta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.»

Disposición derradeira cuarta. *Fundamento constitucional.*

1. O artigo 1 constitúe regulación das condicións básicas que garanten a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais, de acordo co artigo 149.1.1.<sup>a</sup> da Constitución.

2. Os artigos 2.2, 4, 5, 8, 13, 14 e 15 dítanse ao abeiro da competencia estatal en materia de relacións xurídico-civís relativas ás formas do matrimonio que constitúen lexislación civil, sen prexuízo da conservación, modificación e desenvolvemento polas comunidades autónomas dos dereitos civís, forais ou especiais, alí onde existan, ao abeiro do disposto no artigo 149.1.8.<sup>a</sup> da Constitución.

3. O artigo 9 constitúe lexislación en materia de facenda xeral e débeda do Estado, ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución.

4. O artigo 10 e a disposición derradeira terceira constitúen lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución.

5. Os artigos 2.1, 3, 6, 7, 11, 12 e a disposición derradeira segunda constitúen lexislación básica en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, ditada ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución.

6. A disposición adicional primeira constitúe lexislación mercantil ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO